



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

ACTA Nº 2018/4
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
- SALÓN DE PLENOS, MÉRCORES 9 DE MAIO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:35 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

ASISTENTES

Don Manuel Fernández Munín
Dona María del Carmen Botana Cebeiro
Don Antonio González Barral
Dona Ana María Seijo Mosquera
Don Jesús Sanjuás Mera
Don Alejandro Bermúdez Devesa
Don Jesús José Santasmarinas Devesa
Dona Ana Isabel Alonso Taboada
Don Xabier Canabal Fernández
Dona María del Carmen Soutullo Carolo
Don Perfecto Barcala Mosquera

AUSENTES

Ninguén

SECRETARIA - INTERVENTORA

Elena Suárez Rodríguez

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación da acta anterior
2. Adhesión á central de contratación da FEMP

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

3. Modificación presupostaria núm. 2
4. Posta en marcha do proxecto “Concello Doing Business Galicia”
5. Dar conta ó Pleno da incorporación dos remanentes de crédito
6. Aprobación do convenio asinado con Telefónica Móviles, SA polo arrendamento dun espazo para a colocación dun servizo de telecomunicacións en Loureda.
7. Recoñecemento de facturas
8. Adhesión á Fundación Refuxio de Animais
9. Información da alcaldía
10. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1 Aprobación da acta anterior

Por unanimidade apróbase a acta da sesión extraordinaria que tivo lugar o día 18 de abril de 2018.

2. Adhesión á central de contratación da FEMP

La Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), por acuerdo de su Junta de gobierno de 28 de enero de 2014, aprobó la creación de una Central de Contratación al amparo de lo previsto en la Disposición Adicional Quinta de la Ley / 1985, de 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local, conforme a la redacción dada a la misma por el artículo 1.35 de la ley 27 /2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la administración local, así como en la ley de contratos del sector público.

El Ayuntamiento de Boqueixón, está interesado en la utilización de la Central de Contratación creada por la FEMP.

En consecuencia, teniendo en cuenta lo dispuesto en el artículo 228 apartado 3 de la ley 9/2017 de contratos del sector público y siendo de interés para esta Entidad la utilización de la central de Contratación de la FEMP, propongo al Pleno de la Corporación la adopción del acuerdo de adhesión :

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

O Sr. Canabal di que apoian esta adhesión pero desexan facer constar a súa queixa polos seguintes motivos: a) porque se lle remitiu tardiamente a documentación e b) porque se deben efectuar tódalas propostas en galego e esta concretamente está en castelán.

Procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

PRIMERO.- Adherirse a la Central de Contratación de la FEMP a fin de poder contratar las obras, servicios y suministros que oferte, de conformidad a las condiciones y precios que se fijen en los correspondientes contratos o acuerdos marco que se suscriban entre dicha central y las empresas adjudicatarias de los mismos.

SEGUNDO.- Ajustarse a lo establecido en el Reglamento de Funcionamiento de la Central de Contratación de la FEMP, en concreto, en las cláusulas referentes al ámbito de aplicación, funcionamiento, derechos y obligaciones de las Entidades Locales.

TERCERO.- Remitir el presente Acuerdo a la Federación Española de Municipios y Provincias a los efectos oportunos

3. Modificación presupostaria núm. 2

Dase conta da modificación orzamentaria número dous deste ano. Comunícase, así mesmo, que na Xunta de Goberno realizada o día 5 de abril de 2018 aprobouse a primeira modificación de incorporación de créditos de acordo co establecido no art. 182 da Lei reguladora das facendas locais e a base 15ª do orzamento xeral municipal.

O sr.Canabal pregunta se a sanción de Facenda correspondente ó IVE sobre o canon do abastecemento, foi recorrida e respóndelle o sr. Alcalde que si se interpuxo recurso económico administrativo e que de momento, o concello segue emitindo as facturas do abastecemento sen incluír o IVE sobre o canon.

O sr. Barcala pregunta se a resolución do Tribunal Económico Administrativo é favorable, se Facenda reintegrará os fondos ós que afecta esta modificación. Responde o sr. alcalde que si máis os xuros correspondentes. Segue dicindo o sr. Canabal que o seu grupo vota en contra desta modificación, porque á vista das propostas nótase que entramos en

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

campaña electoral e que non se ten en conta nada do que se solicita polo noso grupo, por exemplo: todo o que se leva dicindo sobre as tecnoloxías que non funcionan no municipio, sobre as liñas de transporte metropolitano, etc.

Si se poñen puntos de luz e se fan bacheos das vías públicas. Non son imaxinativos. Arranxar pistas está ben pero tamén se debería apostar por outro tipo de necesidades. Neste momento, dí o alcalde que non se propón ningún punto de luz, e responde o sr.Canabal que neste caso non pero é o que soen facer, poñer puntos de luz.

O sr. alcalde di que concretamente non Concello de Teo supúxolle o transporte metropolitano un orzamento elevado e sen embargo o resultado foi deficiente. O sr. Canabal di que tamén pode saír ben e que en canto a internet, no Concello de Boqueixón estamos peor que hai 10 anos.

O alcalde, di que precisamente en Lestedo e Sergude está en vías de solución e por outro lado, segue dicindo, tal como establece o Real decreto lei - 1/2018 de 23 de marzo polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para inversións financeiramente sostibles e modifica o ámbito obxectivo destas, non se pode aplicar o superávit a todo tipo de gasto, senón que teñen que ser financeiramente sostibles.

Neste momento o sr. Barcala di que Teo gaña poboación e Boqueixón pérdea.

O sr. Bermúdez di que el coincide moitas veces co autobús de Teo e vai case sempre baleiro.

A sra. Seijo Mosquera pregunta como se as aldeas están quedando baleiras com di o sr. Canabal , como é posible que pida mais liñas de autobús.

O sr. Canabal reitera que neste concello só se gasta en asfaltos e, o que se debe facer, son outras ofertas de vivendas baratas ou outros servizos.

Di a sra. Seijo que sempre sen esquecer que este é un concello rural e tamén tendo en conta que sen natalidade pouco máis se pode facer.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

Sen máis, procédese coa votación e co voto en contra do grupos veciñais e o voto a favor dos representantes do PP e con base ós seguintes :

Antecedentes

1/ Con data 26/02/2018 a Axencia Tributaria emite carta de pago por importe de 8.365,04 € correspondente á liquidación provisional do IVE do ano 2016, sobre o canon do abastecemento

Con data 6/02/2018 (rexistro entrada nº 000252), recíbese no concello a Resolución do servizo público de emprego pola que se declara a responsabilidade do concello de Boqueixón de reintegrar os 13.358,08 € percibidos en concepto de prestación por desemprego por don Francisco León Neira.

Con data 15/01/2018(rexistro de entrada nº 000093), recíbese no concello un escrito da Tesourería Xeral da seguridade social no cal se indica que se está efectuando un control das liquidacións practicadas polo traballador Veleiro Diéguez, polo que solicita que se lle remita a correspondente documentación. Posteriormente, recíbese un correo electrónico da seguridade social no cal se indican as diferenzas encontradas nas cotizacións practicadas dos anos 2016, 2017 polo que o concello debe aboar á seguridade social 1.619,21 €.

No capítulo 5 do orzamento (fondo de continxencia e outros imprevistos) hai crédito por importe de 23.358,00 €, polo que **procede transferir ás seguintes partidas orzamentarias os seguintes importes:**

- Á partida 161.220,00	8.365,04 €
- Á partida 920.160,00	13.358,08 €
- Á partida 135.160,00	1.619,21€

2/Por Resolución da alcaldía de data 27 de marzo de 2018, aprobouse o proxecto de saneamento en Gastrar por importe de 33.848,09 € a incluír no plan complementario do plan de medio ambiente da Deputación de A Coruña.

A Deputación achega 21.224,96 € e o Concello debe achegar 12.623,13 € para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario ampliar a partida 160.600 por importe de 12.623,13 euros.

3/Por Resolución da alcaldía de data 5 de abril de 2018, aprobouse o proxecto para a construción dunha senda peonil para seguridade viaria na

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

estrada de Lamas cun importe de 96.571,31 €, dos que a Deputación achega 59.332,06 (61,44%) e o concello 37.239,25 (38,56%) para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario ampliar a partida 454.609,00 por importe de 37.239,25 €.

4/Por Resolución da alcaldía de data 12 de febreiro de 2018 aprobose o proxecto denominado “Pista desde o pavillón de Lestedo á estrada vella por Milleirós e outro”, por importe de 57.246,31 € a incluír no Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, dos que o concello debe achegar 9.935,31 € para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario ampliar a partida 153.2.639,01 por importe de 9.935,31 €.

5/Con data 18 de abril de 2018, remítese á Secretaría Xeral para o Deporte a seguinte documentación para a sinatura dun convenio de cooperación entre a referida Secretaría Xeral e o concello de Boqueixón:

- Memoria das obras que se pretenden realizar.
- Informe técnico municipal.

Con data 3 de maio de 2018, a Xunta de Goberno acorda aprobar a Memoria/ Proxecto de “Melloras en equipamentos deportivos de Cachosenande” cun orzamento total de 50.428,26 €, dos que a previsión inicial é de que o Concello deberá achegar 25.428,26 € para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario ampliar a partida 342.619,00 por importe de 25.428,26 €.

6/O pleno da corporación na sesión plenaria realizada o 14 de marzo de 2018 acordou aprobar a realización das actas dos órganos colexiados en soporte electrónico con incorporación do arquivo audiovisual da sesión, tal como se establece no Decreto 24/2018 do 15 de febreiro da Vicepresidencia e Consellería de presidencia, administración públicas e xustiza.

Con esta finalidade o concello debe adecuar e adquirir o material informático necesario para realizar as actas en soporte electrónico con arquivo audiovisual, cuxo importe total ascende a 10.653,63 €, para o que non existe partida orzamentaria polo que é necesario consignara a partida 492.623,00 cun importe de 10.653,63 €.

7/Tendo en conta o incremento no consumo de combustible pola maquinaria utilizada en desbroces e demais medios de xestión da biomasa, é necesario incrementar a partida 221,03 da área de gasto 1, polo que procede consignar 5.000,00 € na partida orzamentaria 172.221,00.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

8/A piscina municipal iniciará a campaña de verán a mediados do mes de xuño deste ano. Feitas as oportunas comprobacións para a súa posta en funcionamento, detectáronse numerosas deficiencias que deben ser reparadas á maior brevidade e en consecuencia elaborouse a correspondente memoria valorada que ascende a 38.437,97 € e que foi aprobada en xunta de goberno con data 3 de maio de 2018, e para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario consignar na partida 342.619,01 o importe de 38.437,97 €, a ademais dos 25.428,00 € anteriormente citados.

9/O Concello ten previsto executar obras varias de melloras das pistas polideportivas de Deseiro, Camporrapado, Codeso e Loureda, cuxo importe total ascende a 80.593,37 € e en consecuencia procederase coa elaboración do correspondente proxecto. No orzamentos municipal non existe consignación orzamentaria para a execución destas obras polo que é necesario consignar a partida 342.619,02 cun importe de 80.593,37 €, ademais dos 25.428,00 e 38.437,97 .

10/O Concello ten previsto levar a cabo a sinalización horizontal de vías municipais varias para o que se deberá elaborar e aprobar o correspondente proxecto e para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario consignar na partida 153.2.639,02 o importe de 119.854,74 € a maiores dos 9.935,31 anteriormente citados.

11/O Concello necesita adquirir un novo camión para a recollida do lixo cuxo importe inicialmente previsto ascende a 145.000,00 € para o que non existe consignación orzamentaria polo que é necesario consignar a partida orzamentaria 162.1.624,00 cos 145.000,00 €.

Con todo isto, o importe total a incrementar con cargo ao SUPERÁVIT ascende a 484.765,66 €.

O superávit non financeiro do ano 2017 ascende a 852.760,97 €, de cuxo importe se debe deducir 307,725,72 € dos créditos incorporados ao orzamento 2018 (modificación nº 1 aprobada en Xunta de Goberno do 5 de abril deste ano), polo que queda un resto de superávit de 545.035,25 €.

Á vista de todo o cal, e tendo en conta o informe favorable de secretaría intervención de data 2 de maio de 2018,

Acórdase:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

1.- Aprobar o expediente de modificación de créditos e xerar nas partidas de gastos os correspondente importes tal como a continuación se detalla:

a. Con cargo ao SUPERÁVIT 2017 :

PARTIDA	ESTADO DE GASTOS	IMPORTE
153.2.639.01	Pista desde Pavillón Lestedo á estrada vella Milleirós	9.935,31 €.
153.2.639.02	Sinalización horizontal vías municipais	119.854,74 €.
160.600.00	Saneamento en Gastrar	12.623,13 €.
162.1.624.00	Adquisición camión recollida residuos	145.000,00 €.
342.619.00	Melloras equipamentos deportivos Cachosenande	25.428,26 €.
342.619.01	Reparación deficiencias en piscina municipal	38.437,97 €.
342.619.02	Melloras p. polideportivas Desei, Camp, Codes, Loureda	80.593,37 €.
454.609.00	Construción senda peonil para seguridade viaria Lamas	37.239,25 €.
492.626.00	Adquisición e instalación equipamento informático	10.653,63 €.
172.221.00	Adquisición combustible	5.000,00 €.
	TOTAL	484.765,66 €.

b. Con cargo a transferencias do capítulo 5 do orzamento por importe de 23.342,33 € :

Á PARTIDA	TRANSFERENCIA	DA PARTIDA	CRÉDITO EXISTENTE
135.160,00	1.619,21	920.500,00	23.358,00
161.220,00	8.365,04	920.500,00	21.738,79
920.160,00	13.358,08	920.500,00	13.373,75
TOTAL	23.342,33		15,67

c. Con estas modificacións o orzamento de ingresos e gastos queda tal e como a continuación se detalla:

Estado Ingresos	Estado gastos
-----------------	---------------

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

Cap.	P. Inicial	P. Definitivo	Cap.	P. Inicial	P. Definitivo
1	870.000,00	870.000,00	1	1.356.520,08	1.371.497,37
2	35.000,00	35.000,00	2	1.416.630,50	1.429.995,54
3	425.000,00	425.000,00	3	0,00	0,00
4	1.657.657,00	1.657.657,00	4	30.000,00	30.000,00
5	1.000,00	1.000,00	5	23.358,00	15,67
6	0,00	0,00	6	519.988,06	999.753,72
7	299.945,70	299.945,70	7	0,00	0,00
8	3.000,00	3.000,00	8	3.000,00	3.000,00
9	213.042,36	213.042,36	9	0,00	0,00
Total	3.504.645,06	3.504.645,06	Total	3.349.496,64	3.834.262,30

2.- Publicar este acordo no BOP, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal, durante 15 días aos efectos de presentación de posibles reclamacións e considerar este acordo definitivo, no caso de non presentarse ditas reclamacións.

4. Posta en marcha do proxecto “Concello Doing Business Galicia”

O pasado 10 de outubro a Xunta de Galicia e a FEGAMP asinaron un protocolo de actuación conxunta para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia, mediante a creación da iniciativa “Concello Doing Business Galicia”, e en xunta de goberno do día 22 de marzo acordouse a adhesión do concello de Boqueixón ao referido protocolo de actuación. Polo que cumprindo as prescricións legais aplicables á modificación de ordenanzas fiscais; é oportuno modificar as ordenanzas reguladoras dos seguintes conceptos tributarios:

- Ordenanza Fiscal nº1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

- Ordenanza Fiscal nº 2 reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

- Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.

A proposta de modificación da Ordenanza Fiscal reguladora do **Imposto sobre Bens Inmóveis** prevé a aplicación dunha bonificación de ata o 95% da cota íntegra do imposto a favor de inmóveis urbanos nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, coa finalidade de impulsar medidas que fomenten a implantación e fixación de empresas no territorio galego.

Respecto do **Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras**, propónse aprobar unha bonificación de ata o 95% para as construcións, instalación ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego, coa finalidade de impulsar medidas que fomenten a implantación e fixación de empresas no territorio galego.

Respecto **ó Imposto de Actividades Económicas** propónse aprobar unha bonificación de ata o 95% da cota correspondente para o suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración, coa finalidade de impulsar medidas que fomenten a implantación de empresas.

Así mesmo, propónse a **simplificación administrativa** para a concesión de licencias de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que o concello dispón de todos os informes preceptivos.

Con base no exposto, atendendo á necesidade de aproveitar os recursos que deben producir os referidos tributos, á equidade e xustiza nos mesmos e tendo en conta as competencias municipais en orde á imposición, ordenación, modificación e derogación dos seus propios tributos, propónse ó Pleno a adopción do correspondente acordo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

O sr. Canabal di que o seu grupo vota a favor desta proposta e polo tanto, segue dicindo o sr. Canabal, *por coherencia vostedes votarán en contra*. Concretamente fai alusión, o sr. Canabal, a unha moción presentada polo seu grupo no Pleno do día 11 de novembro de 2015, con relación ás bonificacións solicitadas para as ordenanzas do IBI, ICIO, IVTM e outras taxas e prezos e no que o grupo do PP votou en contra porque segundo dixo naquel momento o alcalde, eramos “ un verso solto” no contorno político. E agora, encima, fano en inglés e aínda que o noso grupo, segue dicindo o sr. Canabal, vai votar a favor, este acordo será máis cosmético que produtivo, porque as medidas non son apropiadas polo dito en canto ás tecnoloxías de que carecemos no concello .

O sr. alcalde di que naquela sesión de 2015, se refería ó contorno político no que se moven, posto que en concellos que desenvolven labores de goberno optaban por tratar de subir os impostos, por exemplo Santiago e Teo. Segue dicindo o ser. Alcalde que a Boqueixón tocoulle o incremento nos anos 2014,2015 e 2016 e agora tocaralle a outros concellos.

O sr. Barcala di que o Concello de Ribeira o tipo de IBI é o 0,40 e en Boqueixón é o 0,44.

Sen máis, procédese coa votación e por unanimidade acórdase:

Primeiro.-Aprobar a modificación das Ordenanzas seguintes, achegándose a a este acordo o contido das mesmas:

- Ordenanza Fiscal nº1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES

Artigo 1.º .- Fundamento e réxime.

De acordo ó establecido no artigo 59 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Concello de Boqueixón establece o imposto sobre bens inmóbles, cumprindo así o mandato imperativo contido no dito artigo.

O imposto sobre bens inmóbles rexerá neste municipio:

a) Polas normas reguladoras deste, contidas no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

2/2004, de 5 de marzo, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenvolvan esta lei.

b) Pola presente ordenanza fiscal.

Artigo 2.º.- Natureza.

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos no R.DLex 2/2004, de 5 de marzo, e na presente ordenanza.

Artigo 3.º .-Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos a que se atopen afectos.

b) Dun dereito real de superficie.

c) Dun dereito real de usufruto.

d) Do dereito de propiedade.

2. A realización do feito imponible que corresponda, dos definidos no apartado anterior pola orde nel establecido, determinará a non suxeición do inmueble ás restantes modalidades previstas neste.

3. No caso de que un mesmo inmueble se atope localizado en distintos termos municipais, entenderase, para os efectos deste imposto, que pertence a cada un deles pola superficie que ocupe no respectivo termo municipal.

Artigo 4.º .-Clases de bens inmobles para os efectos do imposto.

1.-Terán a consideración de ben inmueble a parcela ou porción de solo dunha mesma natureza, encravada nun termo municipal e pechada por unha liña

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

poligonal que delimita, para tales efectos, o ámbito espacial do dereito de propiedade dun propietario ou de varios pro indiviso e, no seu caso, as construcións emprazadas no dito ámbito, calquera que sexa o seu dono, e con independencia doutros dereitos que recaian sobre do inmovible.

2.-Terán tamén a consideración de bens inmoables:

a) Os diferentes elementos privativos das edificacións que sexan susceptibles de aproveitamento independente, sometidos ó réxime especial de propiedade horizontal, así coma o conxunto constituído por diferentes elementos privativos mutuamente vencellados e adquiridos en unidade de acto e, nas condicións que determinen os regulamentos de desenrolo do Real Decreto 1/2004, Texto refundido da Lei de Catastro Inmobiliario, os trasteiros e prazas de estacionamento en pro indiviso adscritos ó uso e goce exclusivo e permanente dun titular. A atribución dos elementos comúns ós respectivos inmoables, ós simples efectos da súa valoración catastral, realizarase na forma que se determine no devandito desenrolo regulamentario.

b) O ámbito espacial dunha concesión administrativa sobre dos bens inmoables ou sobre dos servizos públicos ós que se atopen afectos.

c) Os bens inmoables de características especiais.

3.-Os bens inmoables clasifícanse catastralmente en urbanos, rústicos ou de características especiais. O carácter urbano ou rústico do inmovible dependerá da natureza do solo.

4.-Enténdese por solo de natureza urbana o clasificado polo planeamento urbanístico coma urbano, o que teña a consideración de urbanizable segundo o planeamento i estea incluído en sectores, así coma o resto do solo clasificado como urbanizable a partir do momento de aprobación do instrumento urbanístico que o desenrole, e o que reúna sas características contidas no artigo 8 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre Réxime do Solo e Valoracións. Terán a mesma consideración aqueles solos nos que se poidan exercer facultades urbanísticas equivalentes ós anteriores segundo a lexislación da Comunidade Autónoma de Galicia vixente.

Exceptúase da consideración de solo urbano o que integre os bens inmoables de características especiais.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

5.-Enténdese por solo de natureza rústica aquel que non sexa de natureza urbana nin estea integrado nun ben inmovible de características especiais.

6.-Terán a consideración de construcións:

a) As edificacións, sexan cal sexan os materiais dos que estean construídas e o uso ó que se destinen, sempre que se atopen unidos permanentemente ó solo e con independencia de que se alcen sobre da súa superficie ou se atopen encravados no subsolo e de que poidan ser transportados ou desmontados.

b) As instalacións industriais, comerciais, deportivas de recreo, agrícolas, gandeiras, forestais e piscícolas de auga doce, considerándose coma tales, entre outros, os diques, tanques, zonas de carga, peiraos, pantaláns e invernadoiros, e excluíndose, en todo caso, a maquinaria e os útiles.

c) As obras de urbanización e de mellora, tales coma as explanacións, e as que se realicen para o uso dos espazos descubertos, coma son os recintos destinados a mercados, os depósitos ó aire libre, os campos para a práctica do deporte, os estacionamentos e os espazos anexos ou accesorios ós edificios e instalacións.

Non terán a consideración de construcións aquelas obras de urbanización ou mellora que determinen os regulamentos de desenrolo da Lei do Catastro Inmobiliario, sen prexuízo de que o seu valor se deba incorporar ó do ben inmovible coma parte inherente ó valor do solo, nin os cubertos ou alpendres de escasa entidade.

7.-Os bens inmovibles de características especiais constitúen un conxunto complexo de uso especializado, integrado por solo, edificacións, instalacións e obras de urbanización e mellora que, polo seu carácter unitario e por estar ligado de xeito definitivo para o seu funcionamento, se configura para os efectos catastrais coma un único ben inmovible.

Considéranse bens inmovibles de características especiais os comprendidos nos seguintes grupos:

a) Os destinados á produción de enerxía eléctrica e gas e ó refinado de petróleo, e as centrais nucleares.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

b) As presas, saltos de auga e encoros, incluído o seu leito ou vaso, excepto as destinadas en exclusiva ó regadío.

c) As autopistas, estradas e túneles de peaxe.

d) Os aeroportos e portos comerciais.

Artigo 5º. Supostos de non suxeición.

Non están suxeitos ó imposto:

- As estradas, os camiños, as demais vías terrestres e os bens de dominio público marítimo-terrestre e hidráulico, sempre que sexan de aproveitamento público e gratuíto.

- Os seguintes bens inmobles propiedade deste Concello:

a) Os de dominio público afectos ó uso público.

b) Os de dominio público afectos a un servizo público xestionado directamente polo Concello e os bens patrimoniais, excepto cando se trate de inmobles cedidos a terceiros mediante contraprestación.

Artigo 6º .-Exencións.

1.-Estarán exentos os seguintes inmobles:

a) Os que sexan propiedade do Estado, das comunidades autónomas ou dos entes locais que estean directamente afectos á seguridade cidadá e ós servizos educativos e penitenciarios, así coma os que sexan propiedade do Estado afectos á defensa nacional.

b) Os bens comunais e os montes veciñais en man común.

c) Os da Igrexa católica, nos termos previstos no Acordo entre o Estado español e a Santa Sede sobre asuntos económicos, do 3 de xaneiro de 1979, e os das asociacións confesionais non católicas legalmente recoñecidas, nos termos establecidos nos respectivos acordos de cooperación subscritos en virtude do disposto no artigo 16 da Constitución.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

d) Os da Cruz Vermella Española.

e) Os inmobles ós que sexa de aplicación a exención en virtude de convenios internacionais en vigor e, a condición de reciprocidade, os dos Gobernos estranxeiros destinados á súa representación diplomática, consular ou ós seus organismos oficiais.

f) A superficie dos montes poboados con especies de crecemento lento regulamentariamente determinadas, que teñan coma aproveitamento principal a madeira e a cortiza, sempre que a densidade do arborado sexa a propia ou normal da especie de que se trate.

g) Os terreos ocupados polas liñas de ferrocarrís e os edificios encravados nos mesmos terreos, que estean dedicados a estacións, almacéns ou a calquera outro servizo indispensable para a explotación das ditas liñas. Non están exentos, polo tanto, os establecementos de hostalería, espectáculos, comerciais e de ocio, as casas destinadas a vivendas dos empregados, as oficinas da dirección nin as instalacións fabrís.

h) O centro de saúde de O Forte, cedido ao SERGAS (Servicio Galego de Saúde) en sesión plenaria que tivo lugar o 11 de xullo de 2012.

2.-Igualmente, previa solicitude, que deberá ser presentada antes da data do devengo, incluíndo a acreditación do cumprimento dos requisitos esixibles para a aplicación da exención, estarán exentos:

a) Os bens inmobles que se destinen ó ensino por centros docentes acollidos, total ou parcialmente, ó réxime de concerto educativo, en canto á superficie afectada ó ensino concertado. Esta circunstancia acreditarase mediante:

- Certificado da Administración educativa correspondente, acreditativa da condición de centro concertado, asinable ós edificios e instalacións destinadas directa e exclusivamente ás actividades docentes obxecto de concerto.

- Informe da Dirección Xeral do Centro de Xestión Catastral e Cooperación Tributaria acreditativo das superficies dos edificios ou conxuntos urbanísticos, adscritos exclusivamente á actividade educativa ou a servizos complementarios da ensinanza e de asistencia docente de carácter

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

necesario, coa indicación do valor catastral asignado a cada un dos elementos citados.

Esta exención deberá ser compensada pola Administración competente.

b) Os declarados expresa e individualmente monumento ou xardín histórico de interese cultural, mediante Real decreto na forma establecida polo artigo 9 da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, e inscritos no rexistro xeral a que se refire o artigo 12 como integrantes do Patrimonio Histórico Español, así coma os comprendidos nas disposicións adicionais primeira, segunda e quinta da dita lei.

Esta exención terá os límites previstos no artigo 62.2.b) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por R.D. Lex. 2/2004.

c) A superficie dos montes nos que se realicen repoboacións forestais ou rexeneración de masas arboradas suxeitas a proxectos de ordenación ou plans técnicos aprobados pola Administración forestal. Esta circunstancia acreditarse mediante certificación acreditativa emitida pola Delegación Provincial da Dirección Xeral de Montes. Esta exención terá unha duración de 15 anos, contados a partir do período impositivo seguinte a aquel no que se realice a súa solicitude

3. Están exentos os bens inmobles situados no termo municipal deste Concello dos que sexan titulares os centros sanitarios de titularidade pública, sempre que estean afectos ó cumprimento dos fins específicos dos referidos centros. Esta circunstancia documentarase mediante certificado do organismo titular do centro sanitario, acreditando a afectación do centro ao cumprimento dos fins específicos destes.

4. Por último, e segundo o establecido no título I, capítulo III, artigo 15, da Lei 49/2002, do 23 de decembro, do Réxime Fiscal das Entidades sen Fins Lucrativos e dos Incentivos Fiscais ao Mecenado, estarán exentos os bens dos que sexan titulares as entidades sen fins lucrativos, excepto os afectos a explotacións económicas non exentas do imposto sobre sociedades. Para gozar da exención, as ditas entidades deberán comunicar ó Concello, antes da data do devengo do imposto, a opción regulada no artigo 14.1. da Lei 49/2002.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

5. Gozarán, así mesmo, de exención, ó abeiro da habilitación contida no artigo 62.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004, por motivos de eficiencia e economía na xestión recadatoria, os inmobles de natureza urbana e rústica, sempre que a cota líquida, resultante da aplicación dos beneficios fiscais, sexa inferior a 6 euros. No caso de que tódalas cotas dun suxeito pasivo relativas os bens rústicos que posúa no concello estean agrupadas nun único documento de cobro, tomarase como referencia esta cota agrupada aos efectos de aplicar esta exención. Os bens inmobles de características especiais non estarán exentos por esta causa en ningún caso.

Artigo 7.º .-Suxeitos pasivos.

1. Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito impositivo deste imposto, conforme ó disposto nesta ordenanza fiscal.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovible de características especiais será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

2. O disposto no apartado anterior será de aplicación sen prexuízo da facultade do suxeito pasivo de repercutir a carga tributaria soportada, conforme as normas de dereito común.

3. O substituído do contribuínte a que se refire o apartado 1, poderá repercutir sobre os demais concesionarios a parte da cota líquida que lle corresponda en proporción ós canons que deba satisfacer cada un deles.

3. O Concello repercutirá a totalidade da cota líquida do imposto en quen, non reunindo a condición de suxeitos pasivos deste, fagan uso mediante contraprestación dos seus bens demaniais ou patrimoniais.

Artigo 8.º .-Afección real e responsabilidade.

1.-Nos supostos de cambio, por calquera causa, na titularidade dos dereitos que constitúen o feito impositivo deste imposto, os bens inmobles obxecto dos ditos dereitos quedarán afectos ó pagamento da totalidade da cota

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

tributaria, en réxime de responsabilidade subsidiaria, nos termos previstos na Lei Xeral Tributaria.

2.-Para os efectos anteditos, os notarios solicitarán información e advertirán expresamente aos comparecentes nos documentos que autoricen sobre as débedas pendentes polo Imposto de Bens Inmóveis asociadas ao inmovible que se transmite, sobre o prazo dentro do cal están obrigados os interesados a presentar declaración do imposto, cando tal obrigación se manteña por non terse aportado a referencia catastral do inmovible, conforme o apartado 2 do artigo 43 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias, sobre a afección dos bens ao pago da débeda tributaria e, así mesmo, sobre as responsabilidades en que incurran pola falta de presentación de declaracións, o non efectualas en prazo ou a presentación de declaracións falsas, incompletas ou inexactas, conforme o previsto no artigo 70 do texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario e outras normas tributarias.

3.-Responderán de xeito solidario da cota deste imposto, e en proporción ás súas respectivas participacións, os co partícipes ou co titulares das entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, se figuran inscritos coma tales no Catastro Inmobiliario. De non figurar inscritos, a responsabilidade esixirase por partes iguais en todo caso.

Artigo 9.º .-Base imponible.

A base imponible deste imposto estará constituída polo valor catastral dos bens inmóveis, que se determinará, notificará e será susceptible de impugnación conforme o disposto nas normas reguladoras do Catastro Inmobiliario.

Artigo 10.º .-Base liquidable.

1.-A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible a redución á que se refiren os artigos 67, 68, 69 e 70 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

2.-A base liquidable notificarase conxuntamente coa imponible nos procedementos de valoración colectiva. A dita notificación incluírá a motivación da redución aplicada mediante a indicación do valor base que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

corresponda ó inmovible, así coma dos importes da dita redución e da base liquidable do primeiro ano de vixencia do novo valor catastral neste imposto.

Sen prexuízo do anterior, que será aplicable nos procedementos de valoración colectiva de carácter xeral, nos caos de carácter parcial e simplificado, a motivación consistirá na expresión dos datos indicados no parágrafo anterior, referidos ao exercicio no que se practique a notificación.

3.-Nos procedementos de valoración colectiva, a determinación da base liquidable será competencia da Dirección Xeral do catastro e recorrible perante os tribunais económico -administrativos do Estado.

Artigo 11.º .-Cota íntegra.

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicar á base liquidable o tipo de gravame ó que se refire o artigo 13 desta ordenanza.

Artigo 12.º .-Cota líquida.

A cota líquida deste imposto será o resultado de minora-la cota íntegra co importe das bonificacións previstas nos artigos seguintes.

Artigo 13º.-Tipo de gravame.

Os tipos de gravame aplicables en este municipio serán os seguintes:

a) Bens inmovibles de natureza urbana:

Tipo de gravame xeral: 0,44 por cento.

b) Bens inmovibles de natureza rústica: 0,30 por cento.

c) Bens inmovibles de características especiais: 1,3 por cento.

Artigo 14.º .-Bonificacións.

1. Gozarán dunha bonificación do 50 por cento na cota íntegra do imposto, sempre que así o soliciten os interesados antes do inicio das obras, os

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a esta, e que non figuren entre os bens do seu inmovilizado.

O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá desde o período impositivo seguinte a aquel no que comecen as obras ata o posterior ó remate destas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos. A solicitude de bonificación débese formular antes do comezo das obras, entendendo por tal o momento de outorgamento da licenza, por parte da Administración municipal.

Para gozar da devandita bonificación os interesados deberán presentar a documentación seguinte:

- a) Acreditación de que a empresa se dedica á actividade de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, mediante a presentación dos estatutos da sociedade.
- b) Acreditación de que o inmovible obxecto da bonificación non forma parte do inmovilizado, mediante certificación do administrador da sociedade ou fotocopia do último balance presentado ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria, para os efectos do imposto sobre sociedades.
- c) Copia da solicitude de licenza de obra, se non se presenta simultaneamente.
- d) Copia do documento de alta na actividade económica de construción ou promoción inmobiliaria no imposto sobre actividades económicas.
- e) Certificación do técnico - director das obras de construción, visado polo colexio oficial competente, no que se indique a data de inicio das obras.

Esta Bonificación non será compatible con ningunha outra, salvo precepto legal que dispoña a compatibilidade.

2. As vivendas de protección oficial e as equiparables a estas segundo a normativa da Comunidade Autónoma de Galicia, gozarán dunha bonificación do 50 por cento durante o prazo de tres períodos impositivos, contados

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Forte s/n
15581 BOQUEIXÓN (A Coruña)
Telfs: 981 513 061 – 981 513 052
Fax: 981 513 000
correo@boqueixon.es
www.boqueixon.es

acta nº 2018/4
Sesión Plenaria
mércores 9 de maio de 2018

desde o período seguinte ao do outorgamento da cualificación definitiva. Esta bonificación terá que ser solicitada polo interesado en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración daquela e producirá efectos desde o período seguinte ó da solicitude.

Ó longo dos períodos cuarto e quinto seguintes ao do outorgamento da cualificación definitiva, as vivendas de protección oficial gozarán dunha bonificación do 25% na cota íntegra do imposto, sempre que se manteña a titularidade do inmovible e este constitúa a residencia do titular.

Esta bonificación deberá solicitarse en calquera momento anterior á terminación dos cinco períodos, producindo efectos, en todo caso, desde o período seguinte ó da solicitude.

Os solicitantes presentarán a cédula de cualificación definitiva como vivenda de protección oficial do inmovible, a documentación acreditativa da titularidade do devandito inmovible, copia que acredite a presentación do modelo 901 de alteración de titularidade catastral, e facilitarase, en todo caso, a referencia catastral do inmovible.

Non haberá dereito a bonificación a partir do sexto exercicio, inclusive, desde o de outorgamento da cualificación definitiva.

3. Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de familia numerosa gozarán dunha bonificación na cota íntegra do inmovible de uso residencial que constitúa a súa residencia habitual e na que estea empadroadado, coas seguintes características:

Categoría de familia numerosa	% Bonificación valor catastral menor ou igual a 60.000 euros	% Bonificación valor catastral entre 60.000 e 120.000 euros	% Bonificación valor catastral maior de 120.000 ata 240.000 euros
Xeral	45	30	20
Especial	55	40	30

